



ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía expte. 2026/G003/000535 aprobáronse as BASES E NORMAS DE PARTICIPACIÓN E FUNCIONAMENTO NAS ACTIVIDADES DE MADRUGADORES E TARDES NO COLE DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN -BO DÍA DODRO, para o curso escolar 26/27. As actividades están cofinanciadas ao abeiro da subvención concedida pola Xunta de Galicia para o Programa Bo Día Dodro-Plan Corresponsables do Concello de Dodro.

BASES E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS DE MADRUGADORES

E TARDES NO COLE

Curso escolar 2026-2027

Artigo 1. Obxecto e finalidade

O Concello de Dodro organiza os servizos de **Madrugadores e Tardes no cole** coa finalidade de facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal das familias, contribuíndo á corresponsabilidade nos coidados e á promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Os servizos teñen como finalidade ofrecer ás persoas menores un espazo seguro de protección, coidado, vixilancia e acompañamento, así como a realización de actividades lúdicas, educativas, obradoiros e talleres adaptados ás súas idades.

Artigo 2. Persoas destinatarias

Os servizos están dirixidos ás familias do Concello de Dodro con menores escolarizados, establecéndose as seguintes persoas destinatarias:

- a) Programa de Madrugadores: menores de 3 a 7 anos escolarizados no CRA.
- b) Programa Tardes no cole: alumnado escolarizado no CPI.

Terán carácter preferente as persoas menores empadroadas no Concello.

Artigo 3. Lugar, período e calendario de prestación

O servizo de Madrugadores desenvolverase nas instalacións da Escola de Vigo (CRA) durante os días lectivos do curso escolar 2026-2027, desde o 9 de setembro de 2026 ata o 18 de xuño de 2027, excepto festividades e períodos de vacacións escolares.

A prestación do servizo de Madrugadores comprenderá un total de 175 días e 262,5 horas.

O servizo de Tardes no cole desenvolverase nas instalacións do CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, todos os mércores lectivos comprendidos entre o 9 de setembro de 2026 e o 16 de xuño de 2027, segundo o calendario establecido para o programa.

A prestación do servizo de Tardes no cole comprenderá un total de 36 días e 54 horas.

Artigo 4. Número de prazas

O número máximo de prazas ofertadas para este curso 26/27 será:



1. Madrugadores: 12 prazas.
2. Tardes no cole: 15 prazas.

A incorporación de novas persoas participantes estará condicionada á existencia de prazas dispoñibles.

Artigo 5. Horario

Os horarios de prestación dos servizos serán os seguintes:

Madrugadores: de 8:00 a 9:30 horas, de luns a venres.

Tardes no cole: os mércores, de 14:15 a 15:45 horas.

As familias deberán respectar os horarios establecidos, tanto para a entrada como para a saída das persoas menores.

Artigo 6. Inscripción e gratuidade

As solicitudes de inscrición realizaranse no Rexistro do Concello, mediante o modelo normalizado establecido para tal efecto e dentro deste prazo: do 31 de agosto ata o 8 de setembro de 2026, día anterior ao comezo das actividades.

A participación nos servizos será gratuíta para as familias, ao estar financiada mediante a subvención correspondente.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases de funcionamento.

Artigo 7. Admisión e lista de agarda

Terán preferencia na adxudicación as persoas que realizaron a correspondente preinscrición no mes de xullo.

Ademais, cando o número de solicitudes que se presenten, supere o número de prazas dispoñibles, elaborárase unha lista de agarda.

As prazas que queden vacantes durante o desenvolvemento do servizo serán ofrecidas ás persoas que figuren na lista de agarda, adxudicándoas por estrita orde de presentación da solicitude.

As solicitudes presentadas fóra do prazo de inscrición incorporaranse ao final da lista de agarda, sempre que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

Artigo 8. Persoal responsable e actividades

O Concello, a través da empresa contratada para a xestión dos servizos, proporcionará o persoal necesario para o seu desenvolvemento.

Cada servizo contará cun/unha monitor/a de ocio e tempo libre, responsable do coidado, atención e vixilancia das persoas participantes durante o horario de prestación.

As actividades serán de carácter lúdico e educativo e estarán adaptadas ás idades e características das persoas participantes.

Traballaranse, entre outros, os seguintes aspectos:

- Igualdade de xénero.



- Prevención das violencias machistas.
- Desenvolvemento da autonomía persoal.
- Educación emocional.
- Corresponsabilidade.
- Respecto e convivencia.
- Cooperación e participación.

Artigo 9. Normas xerais de participación e convivencia

A entrega das persoas menores no servizo de Madrugadores realizarase na porta do centro, onde serán recibidas polo persoal responsable. As persoas adultas acompañantes non permanecerán nas instalacións durante o desenvolvemento da actividade.

No servizo de Tardes no cole, o alumnado permanecerá na aula ou espazo habilitado durante o horario establecido.

As persoas menores participantes deberán seguir as indicacións do persoal responsable e manter unha actitude de respecto cara ao resto de participantes, ao persoal, ás instalacións e aos materiais.

Non se permitirán comportamentos violentos, discriminatorios, intimidatorios ou aqueles que poidan poñer en risco a integridade física ou emocional das persoas participantes.

O servizo desenvolverase nun ambiente seguro, respectuoso e inclusivo.

Calquera incidencia relevante será comunicada ás familias e, cando corresponda, ao centro educativo ou á entidade responsable da xestión.

Artigo 10. Almorzo e consumo de alimentos

No servizo de Madrugadores, cada familia poderá decidir se a persoa menor realiza o almorzo na casa ou no centro.

No caso de realizar o almorzo no centro, será responsabilidade da familia introducir na mochila da persoa menor o seu propio almorzo, así como a bebida ou auga necesaria. Na chegada, a persoa adulta responsable deberá informar ao persoal monitor de se a persoa menor vai realizar o almorzo no centro, ou non.

O servizo non proporcionará alimentos nin bebidas alternativas. Polo tanto, se a persoa menor non leva o seu almorzo, non poderá realizar o almorzo no centro.

No servizo de Tardes no cole, serán igualmente as familias as responsables de proporcionar os alimentos e bebidas que as persoas menores vaian consumir durante o horario da actividade.

Non se compartirán alimentos nin bebidas entre as persoas participantes.

As familias deberán comunicar no momento da inscrición calquera alerxia, intolerancia ou necesidade alimentaria especial que deba ser coñecida polo persoal responsable.

Os alimentos e bebidas que as persoas menores consuman durante o servizo serán achegados polas súas familias, que deberán procurar que sexan adecuados ás súas necesidades e condicións alimentarias.

O persoal responsable poderá supervisar o momento do almorzo, sen que isto implique a preparación ou manipulación dos alimentos achegados polas familias.

Artigo 11. Hixiene dental

No caso de que a persoa menor realice o aseo dental despois do almorzo, a familia deberá proporcionar na mochila o neceser e os produtos necesarios.

Os produtos de hixiene dental serán de uso exclusivamente individual e non poderán compartirse entre as persoas participantes.

Artigo 12. Medicación e necesidades específicas

Con carácter xeral, o persoal responsable dos servizos non administrará medicamentos ás persoas participantes.

As familias deberán informar previamente de calquera circunstancia médica, necesidade específica de atención, alerxia ou outra información relevante que deba ser coñecida para garantir a seguridade e o adecuado coidado da persoa menor.

Artigo 13. Ausencias e baixas

As familias deberán comunicar, sempre que sexa posible, as ausencias das persoas menores, especialmente cando estas vaian ser de varios días lectivos.

As persoas participantes que desexen causar baixa no servizo deberán comunicalo ao Departamento de Servizos Sociais do Concello.

As baixas que se produzan poderán dar lugar á incorporación de novas persoas participantes da lista de agarda.

Artigo 14. Obrigas das familias

As familias ou persoas responsables das persoas menores participantes deberán:

- a) Respetar os horarios establecidos.
- b) Facilitar información veraz e actualizada para a correcta atención das persoas menores.
- c) Comunicar calquera circunstancia que poida afectar á participación, atención ou seguridade da persoa menor.
- d) Achegar os alimentos, bebidas e materiais de hixiene que correspondan.
- e) Respetar as normas de funcionamento e convivencia.
- f) Seguir as indicacións do persoal responsable.
- g) Comunicar as baixas ou ausencias conforme ao establecido nestas bases.
- h) Colaborar co persoal e coa entidade responsable para garantir o correcto funcionamento dos servizos.

Artigo 15. Igualdade, protección e benestar das persoas menores

As actividades desenvolvanse desde unha perspectiva de igualdade e respecto á diversidade.

Promoveranse a autonomía persoal, a cooperación, a educación emocional, a corresponsabilidade e as relacións baseadas no respecto e na igualdade.



Non se tolerará ningún tipo de discriminación, violencia, acoso ou comportamento que poida afectar ao benestar físico ou emocional das persoas participantes.

Artigo 16. Incumprimento das normas e medidas aplicables

O incumprimento das presentes bases ou das normas básicas de convivencia poderá dar lugar á adopción das medidas oportunas, atendendo á natureza, gravidade e reiteración dos feitos.

En función das circunstancias, poderá acordarse a exclusión temporal ou definitiva do servizo.

Antes de adoptar unha medida de exclusión, comunicárase a situación á persoa adulta responsable e daráselle audiencia, salvo nos casos nos que sexa necesario adoptar de forma inmediata unha medida para garantir a seguridade ou protección das persoas participantes.

Artigo 17. Xestión e comunicación ás familias

Antes do inicio das actividades comunicárase ás familias a entidade ou empresa responsable da xestión dos servizos, así como a información necesaria para o seu correcto desenvolvemento.

Calquera modificación relevante no funcionamento dos servizos será comunicada ás familias participantes coa suficiente antelación, sempre que sexa posible.

Artigo 18. Aceptación das bases

A presentación da solicitude e a participación nos servizos de Madrugadores e Tardes no cole supón o coñecemento e aceptación das presentes normas de funcionamento por parte das familias ou persoas responsables das persoas menores, as cales pderán ser modificadas cando sexa necesario para adaptar o funcionamento dos servizos ás necesidades organizativas, educativas ou de seguridade.

ANEXO I



EXPTE:

ASUNTO: PROGRAMA DE CONCILIACIÓN -BO DÍA DODRO- (MADRUGADORES E TARDES NO COLE).

TRÁMITE: INSCRICIÓN NOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN-PROGRAMA CORRESPONSABLES

MADRUGADORES E TARDE NO COLE

SOLICITANTE (nai, pa ou titor/a legal)		NOME E APELIDOS	
DNI		TELÉFONO	
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO			
Nº de menores para os que se solicita praza			

BENEFICIARIOS

NOME E APELIDOS		DATA DE NACEMENTO	DISCAPACIDADE, INTOLERANCIA ALIMENTARIA, ALERXIAS, OUTROS...
1			
2			

PARTICIPACIÓN EN: (POÑER X ONDE CORRESPONDA):

MADRUGADORES NO CRA DE VIGO (08.00 A 09.30H):

TARDES NO COLE (NO CPI EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 14.15 A 15.45 H):

Dodro____ de _____ de 2026

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é Concello de Dodro, LUGAR DE TALLÓS Nº 32, 15981 - DODRO (A CORUÑA); info@dodro.gal

Delegado de Protección de Datos	Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar
---------------------------------	--

Finalidade do tratamento		Os datos serán utilizados para facerlle partícipe da actividade CORRESPONSABLES , así como a xestión administrativa derivada da mesma.
USO DE MATERIAL FOTOGRÁFICO/AUDIOVISUAL		Gustaríanos que nos autorizase para utilizar as súas fotografías e material audiovisual nas redes sociais, web do Concello (www.dodro.gal), así como nas exposicións físicas que se fagan por parte do Concello. Por favor, risque a casilla que se axuste aos permisos que quere darnos:
Si	☒	dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías a través das redes sociais, web e exposicións físicas para participar na presente programación
	☐	Non dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías a través das redes sociais, web e exposicións físicas para participar na presente programación
Prazo de conservación		Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e en calquera caso, mentres non houbera transcorrido o prazo de prescrición de posibles acción de responsabilidade derivadas do tratamento.
Lexitimación		Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.
Destinatarios de cesións		Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de función directamente relacionadas cos fins lexítimos do negociado de Igualdade, Xuventude e Relacións Veciñais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades: • Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociación, ONG's...) colaboradoras do CONCELLO DE DODRO directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste Concello. • Empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo o servizo para o que se lle contratou. • Concellos distintos do CONCELLO DE DODRO, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa Administración Pública Local. • Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral aos usuarios/as. • Órganos xurisdiccionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza.
Dereitos		Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE DODRO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalación ou por correo electrónico en info@dodro.gal , sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos, a través das seguintes vías: - Sede electrónica: www.aepd.es - Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 - Madrid - Teléfono: 901 100 099 - 91 266 35 17